

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓN EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO (FADEMGA), PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE ADAPTACIÓN DE DOCUMENTOS XUDICIAIS A LECTURA FÁCIL.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de Xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 136/2024, do 20 de maio, que establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, favorezan o dereito de acceso á xustiza ás persoas con discapacidade, tal e como recolle a Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade, que inclúe o dereito de acceso á xustiza na súa articulo 13 e garante o acceso en igualdade de condicións, e a adopción de medidas de accesibilidade, axustes de procedemento e prestación dos apoios necesarios para poder exercer os dereitos en igualdade de condicións.

Pola súa banda, a Lei de accesibilidade de Galicia 10/2014 do 3 de decembro, contempla na súa articulo 34 que as Administracións públicas adaptasen os sistemas de comunicación para facelos accesibles e comprensibles para todas as persoas, empregando a lectura fácil, por ser unha solución de accesibilidade que fai posible que persoas con problemas de comprensión lectora poidan acceder á información.

En consonancia co anterior, á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de conformidade co disposto no Decreto 136/2024, correspóndenlle as competencias en materia de asociacións e fundacións, e ten como unha das súas liñas prioritarias o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a dotar de maior exemplaridade as accións da sociedade para que as persoas con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento teñan acceso á Administración de xustiza en igualdade de condicións que o resto dos cidadáns.

Antecedentes: O día 4 de xuño de 2025 asinouse o Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (FADEMGA plena inclusión Galicia), que ten por obxecto a realización dun proxecto de adaptación de documentos xudiciais a lectura fácil en 2025, no que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a



través da Dirección Xeral de Xustiza comprometeuse a aportar a cantidade de 20.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Este convenio é un proxecto pioneiro que se aborda en Galicia para a implantación dunha experiencia de adaptación de sentenzas e outros documentos xudiciais a lectura fácil para persoas con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento, xa executada anteriormente nos anos 2019, 2021, 2022 e 2023, pero circunscrita inicialmente a uns determinados órganos xudiciais. Esta experiencia en 2025, ao igual que en 2023 e 2024, estase a desenvolver en calquera dos órganos e servizos da Administración de Xustiza en Galicia, o que provocou que o límite orzamentario previsto resulte insuficiente para asumir a nova carga de traballo.

Na reunión da Comisión mixta de seguimento do convenio realizada o 10/10/2025, a FADEMGGA expuxo que a que a estimación da execución do Convenio de colaboración para finais do mes de setembro é de dezasete mil douscentos noventa e cinco euros e corenta e oito céntimos (17.295,48 €), o que implica unha execución de aproximadamente o 85 % do importe total do convenio. A maiores, indica que os custos de persoal de adaptación e os gastos de xestión vinculados á mesma serán insuficientes para chegar ao final da anualidade. Para afrontar ata finais de ano os custos de validación e revisión, dando resposta ao maior número posible de solicitudes recibidas, tendo en conta tamén aquelas máis urxentes que se poidan recibir, estiman unha necesidade engadida de dous mil cincocentos euros (2.500,00 €).

Finalidade: A finalidade perseguida pola Addenda que se está a tramitar é poder facer fronte a un número superior de procedementos dos que co orzamento actual se poden asumir mediante a modificación da cláusula cuarta do convenio, que queda redactada do seguinte xeito:

“Cuarta. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, colaborará na realización das actuacións a que se refire a cláusula primeira deste convenio achegando a cantidade máxima de 22.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0 (código de proxecto 2015 00102) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, que será aboada do seguinte xeito:

- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes compensará á FADEMGGA con douscentos vinte euros (220,00 €) por cada servizo de adaptación e validación realizado, incrementándose ata un 25% o prezo nos supostos de especial complexidade.*

Considerarase supostos de especial complexidade, entre outros, aqueles procedementos nos que haxa varias persoas como intervintes, procedementos inhibidos ou aqueles outros que, polas características da persoa beneficiaria, estean xustificadas documentalmente.

- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes compensará á FADEMGGA polas actividades de difusión e publicidade realizadas cunha cantidade de douscentos setenta euros (270,00 €).*

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela



• *A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes financiará os gastos en que incorra a FADEMGA polos gastos derivados da xestión do proxecto para facer as adaptacións ou validacións, cunha cantidade máxima de tres mil seiscientos cincuenta euros (3.650,00 €). Para o abono desta partida será preciso presentar as facturas dos gastos correspondentes.*

Financiamento: O día 27/10/2025, existe remanente de crédito na aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0 (código de proxecto 2015 00102 "A institucións xurídico-administrativas") dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 por contía de 2.500,00 €, que empregárase para a ampliar o crédito inicialmente orzamentado para o convenio.

Esta achega económica realizarase nos termos requiridos no artigo 51 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, incorporando, por unha banda, unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e os resultados obtidos e, por outro lado, unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento; un detalle doutros ingresos e subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia; se é o caso, carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento da addenda para articular as actuacións de referencia, quedando a dita addenda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 6 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Director Xeral
José Tronchoni Albert

